Concello de OURENSE De12ortes

CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES · OURENSE ·

La Reg1 •n

SAN SILVESTRE OURENSÁ

Xoves, 31 de decembro de 2020 16:30 h

Saída: Parque Ribeira de Canedo. Paseo do Miño

Meta: Ponte Vella

Máis información e inscricións ata o 27/12/2020 en www.carreirasgalegas.com/

Evento seguro

Protocolo FISICOVID - DXT GALEGO

Saídas de 2 en 2 cada 20 segundos

Máximo 300 participantes

1 Federación Galega de Atletismo

DEPUTACIÓN OURENSE

a&b

Deseño cartel: A&B Comunicación e Deseño

V SAN SILVESTRE OURENSÁ

Xoves, 31 de decembro de 2020

REGULAMENTO

1. ORGANIZACIÓN
2. PARTICIPANTES
3. CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN
4. INSCRICIÓNS
5. ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS
6. DECLARACIÓN RESPONSABLE
7. ZONA DE QUECEMENTO
8. ZONA DE PRESAÍDA
9. SAÍDA
10. PERCORRIDO
11. XULGAMENTO DA COMPETICIÓN
12. DESCUALIFICACIÓNS
13. SERVIZOS MÉDICOS E SEGUROS
14. META
15. RECLAMACIÓNS
16. PREMIOS

ANEXO I – PROTOCOLO ANTI COVID-19

ANEXO II – DECLARACIÓN RESPONSABLE

ANEXO III – ORDE DE SAÍDAS

1. ORGANIZACIÓN

Sublime Deporte y Cultura S.L. e o Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense coa colaboración da Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo e o Club Deportivo Aurum organizan o xoves, 31 de decembro de 2020 a "V Carreira Popular San Silvestre Ourensá".

2. PARTICIPANTES

Poderán participar todas aquelas persoas maiores de 16 años (o día da proba) que o desexen, sempre que estean inscritas nos prazos e formas establecidos ao efecto pola Organización.

3. CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Os/as participantes comprométense a aceptar o presente regulamento e calquera posible modificación da proba obrigada por causas alleas á vontade da organización. A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que se inclúen neste regulamento.

Todo/a participante inscrito/a declara:

- Que se considera nun estado de saúde óptimo para participar na V Carreira Polupar San Silvestre Ourensá.
- Que ten lido, entendido, aceptado e se compromete a cumprir o protocolo de prevención COVID-19 desta proba, colaborando en todo o posible coa Organización.
- Que exime de responsabilidade á Organización pola perda de obxectos persoais ou roubo, así como como por calquera contaxio de calquera enfermidade que puidera sufrir durante o evento deportivo.
- Que autoriza sen contraprestación algunha a que a Organización faga uso de calquera tipo de material audiovisual no que poida figurar o/a participante, aceptando a publicación do seu nome completo na clasificación da proba, nos medios de comunicación e/ou internet.
- Conforme á L.O. 03/2018, informámoslle de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, cuxo responsable é Sublime Deporte y Cultura S.L. A finalidade do ficheiro é levar a cabo a xestión de datos para o evento V Carreira Popular San Silvestre Ourensá, así como informarlle de futuras edicións. Se desexa exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderá facelo dirixíndose por escrito á dirección de sinalada (info@sublimedeporte.com), axuntando unha fotocopia do seu DNI.

A Organización resérvase o dereito de rexeitar calquera inscrición que non acepte o presente regulamento. En caso de dúbida, ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, estimarase e aceptarase o que dispoña a Organización.

4. INSCRICIÓNS

As inscricións realizaranse a través de https://www.carreirasgalegas.com/ entre o 18 e o 27 de decembro de 2020 ás 23:59 h.

Segundo o disposto no protocolo FISICOVID DXT GALEGO haberá un límite de 300 prazas, que se establecerán por rigoroso orde de inscrición.

O prezo da inscrición é de 7€.

As persoas empadroadas nun concello de Galicia (ou que estiveran federadas por un club inscrito na Federación Galega de Atletismo, con sede social na Comunidade Autónoma de Galicia) terán prioridade de inscrición, e as que non estiveran empadroadas nun concello de Galicia deberán contactar coa Organización á hora de formalizar a inscrición e comunicar o seu lugar de procedencia e estado de saúde.

A inscrición na carreira é persoal e intransferible, e non se devolverá o importe da inscrición en ningún caso salvo baixa médica acreditada presentada antes do 31 de decembro de 2020 e enviada a info@sublimedeporte.com. En caso contrario non se fará o reembolso.

Aqueles participantes e acompañantes que proveñan ou estiveran nos últimos catorce días en territorios de alta incidencia epidemiolóxica por COVID-19, inescusablemente deberán comunicarllo de forma veraz ao Servizo Galego de Saúde a través de: https://www.sergas.es/Saude-publica/benvida-viaxeirxs no que ademais se especifican cales son estas zonas. Esta comunicación deberá ser completada por cada un dos viaxeiros/as, que serán responsables de que a información subministrada sexa veraz e precisa. En caso de menores de idade, persoas dependentes ou incapacitadas, a declaración será cuberta polo seu titor, que se fará responsable da veracidade da información subministrada.

5. ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS

Os dorsais e chips serán entregados o día 30 de decembro de 2020 no lugar que lles será comunicado aos participantes con suficiente antelación.

Non se entregarán dorsais e chips o día da proba.

Os/as deportistas terán que portar obrigatoriamente o dorsal no peito en todo momento, sen dobrar nin ocultar, ben visible.

6. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Cada atleta deberá presentar un documento que atopara ao final deste regulamento, ANEXO II, para indicar que nos 10 días previos non percibiu en si mesmo síntomas compatibles co COVID-19. Terá que cubrir con bolígrafo, asinar e entregar este documento impreso na entrada á Zona de Presaída. Importante: Sen a entrega do documento non se poderá participar no evento.

7. ZONA DE QUECEMENTO

O quecemento poderá facerse oficialmente no paseo do Miño, dende a Ponte Ribeiriño hacia as termas de A Chavasqueira sempre circulando pola dereita do paseo, respectando aos demais usuarios e cumprindo a normativa en vigor en referencia á mascara, á distancia de seguridade entre deportistas e á hixiene de mans.

Recoméndase o uso de máscara durante o quecemento.

Haberá voluntarios/as da Organización con xel hidroalcohólico pola zona, para reiterar os horarios, resolver dúbidas, e axudar coas medidas de saúde públicas.

Non haberá gardarroupa, polo que cada persoa poderá deixar o seu equipamento persoal antes de entrar na zona de presaída na casa, no coche, a unha persoa convivinte…

8. ZONA DE PRESAÍDA

Todos/as os/as deportistas terán que presentarse á porta da Zona de Presaída exactamente 10 minutos antes da súa saída para ser ubicados nun lugar axeitado, e que non se produzan aglomeracións.

Tomarase a temperatura aos atletas antes de entrar na zona de presaída.

Os/as corredores/as deberán presentarse coa máscara correctamente posta, preferiblemente desbotable, na Zona de Presaída **e non retirala ata recibir a instrución da organización xusto antes da saída**, nese momento antes de saír, a máscara depositarase no lixo, ou no seu defecto, o corredor/a a levará consigo durante a proba.

Aqueles/as atletas que non se presenten puntuais na Zona de Presaída, non poderán participar.

Os dorsais asignaranse atendendo á orde de saída de xeito que o primeiro en saír levará o dorsal 1 e o último o 300. A orde de saída establecerase previamente en función das marcas acreditadas polos participantes.

As saídas serán de 2 en 2 cada 20 segundos.

Os atletas cos dorsais 1 e 2 sairán ás 16:30.

Os atletas percorrerán os primeiros 100 m. por rúas diferenciadas.

9. SAÍDA

Ver ANEXO III – Orde de Saídas

10. PERCORRIDO

O percorrido terá unha lonxitude de 5,25 km. aproximadamente, principalmente de terra compactada e tramos de asfalto e pedra.

A Zona de Presaída e a Saída estarán situadas na explanada situada ao carón da Ponte Vella na marxe dereita do río Miño, baixo a rúa Ribeira de Canedo.

A Meta estará situada na Ponte Vella – Casa do Legoeiro.

Percorrido: Parque Ribeira de Canedo – Pasarela C.C. Pontevella – Parque Miño – Rúa Díaz de La Banda – Parque Portovello – Pasarela Avenida Ribeira Sacra – Paseo do Miño – Pasarela Oira – Paseo do Miño – Rúa Ribeiriño – Ponte Vella – Casa do Legoeiro.

O Organizador poderá modificar o percorrido por motivos de seguridade ou por causa de forza maior.

11. XULGAMENTO DA COMPETICIÓN

A proba forma parte do calendario oficial da Federación Galega de Atletismo polo que estará cronometrada e controlada polo Comité Galego de Xuíces da FGA.

Ademais, haberá persoal encargado de controlar o cumprimento do protocolo Anti COVID-19 ao longo de todo o percorrido, identificados/as e conectados/as cun Control Central de Penalizacións (CCP).

Estas persoas notificarán a penalización ao CCP e avisarán ao propio deportista a viva voz e/ou con xestos (cun elemento de cor amarelo).

En caso de que o CCP detecte que hai dúas penalizacións dun mesmo deportista, este dará a instrución de anunciar ao deportista afectado, o antes posible, a súa descualificación da proba a viva voz e/ou con xestos (cun elemento de cor vermello).

12. DESCUALIFICACIÓNS

Será obrigatorio cumprir o protocolo COVID19 para o desenvolvemento da proba.

Todo/a aquel/a que non o cumpra poderá ser descualificado (incluso antes de comezar a competición).

Non se permite:

- Correr xusto tras outro/a participante a unha distancia inferior a 5 m.
- Adiantar a outro/a participante a menos de 1,5 metros de distancia lateral.
- Incumprir o protocolo Anti COVID-19 da proba.
- Non levar axeitadamente o dorsal no peito, e/ou o chip.

- Non realizar o percorrido completo.
- Manifestar un mal estado físico evidente.
- Manifestar un comportamento non deportivo coa Organización, cos outros deportistas ou co público, facendo protestas maleducadas, ou se reitere en protestas inxustificadas ante a Organización.

O persoal de Organización, está facultado para retirar xustificadamente da carreira a calquera atleta que manifeste un mal estado físico evidente.

Todo/a aquel/a corredor/a descualificado/a recibirá unha máscara e deberá retirar o seu dorsal e abandonar o circuíto inmediatamente.

O tempo máximo para completar a proba é de 45 minutos.

13. SERVIZOS MÉDICOS E SEGUROS

Haberá servizo de ambulancia e médico para a atención.

Todas as persoas participantes estarán cubertas cunha póliza de “Seguro de Responsabilidade Civil” e dun “Seguro de Accidentes”.

14. META

Na liña de meta, os/as participantes recibirán unha máscara que deberán colocar tan pronto como sexa posible. Tamén disporán de produtos alimenticios e bebidas.

Non haberá nin servizo de fisioterapia, nin duchas, nin zona de espera, nin cambiadores.

Unha vez rematada a carreira, os/as deportistas deberán abandonar a zona de competición o antes posible.

15. RECLAMACIÓNS

As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao Xuíz Árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.

16. PREMIOS

Establécense os seguintes premios en metálico para a categoría absoluta:

HOMES	MULLERES
1º – 150€	1ª – 150€
2º – 100€	2ª – 100€
3º – 50€	3ª – 50€

Non se realizará cerimonia de premiacións o día da proba.

Realizarase a entrega de premios na Casa do Concello de Ourense na data que lle será comunicada aos premiados.

ANEXO I – PROTOCOLO ANTI COVID-19

Partindo do protocolo FISICOVID – DXT GALEGO, a continuación, establécense as medidas de seguridade sanitaria a levar a cabo durante este evento. En primeiro lugar descríbense medidas de carácter xeral para todos os/as asistentes, e posteriormente, e de forma máis concreta, establécense medidas específicas clasificadas nos momentos anterior, durante e despois do evento deportivo.

MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

- Realizar un auto test antes de ir cara a actividade deportiva, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19 (febre, tose ou falta de alento). Ante calquera síntoma ou en caso de sospeita de estar infectado, ou ter estado en contacto con persoas infectadas ou baixo sospeita de estalo, débese evitar a asistencia ao evento, poñéndose en contacto de forma inmediata cos servizos sanitarios. Autotest SERGAS
- Non compartir vehículo particular con outras persoas non convivintes, sempre que sexa posible, para asistir ao evento. De non ser así, empregar formas de desprazamento que favorezan a distancia interpersoal e, en todo caso, utilizar máscara.
- Manter a distancia de seguridade interpersoal de polo menos 1,5 metros entre todas as persoas antes e durante a proba
- O uso da máscara é obrigatorio, agás no momento específico da práctica deportiva, tras recibir a orde do persoal de Organización.
- Cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao toser ou esbirrar. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
- Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón, ou con xel hidroalcohólico.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
- Evitar o saúdo con contacto físico.
- Non compartir alimentos, bebidas ou similares.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO

ANTES DO EVENTO

Staff

- Declararán mediante un consentimento asinado que nos últimos 10 días non tiveron ningún síntoma de COVID19 (febre, cansanzo, tose seca e/ou dificultade para respirar) e que non estiveron en contacto con ningunha persoa positiva en COVID19 (ANEXO II)
- Cada persoa terá a súa función na montaxe da infraestrutura, evitando compartir materiais e

espazos. Cando existan postos de traballo ou ferramentas compartidas por máis dunha persoa, estableceranse o lavado de mans e a desinfección das ferramentas antes e despois do uso, como medidas de seguridade.

- Na condución de vehículos de uso da organización, antes de subir ao mesmo, lavaranse as mans con hidroxel e desinfectarase o volante, panca de cambios, etc. Levar sempre a máscara posta, ventilar o vehículo antes e despois do seu uso -se se pode durante-, evitar o contacto físico e evitar tocar obxectos do vehículo na medida do posible. Desinfección das partes do vehículo susceptibles de estar en contacto (cinturóns, manillas das portas, etc.)

Deportistas

- Serán responsables de portar máscara ata o inicio da proba.
- Declararán mediante un consentimento asinado que nos últimos 10 días non tiveron ningún síntoma de COVID-19 (febre, cansanzo, tose seca e/ou dificultade para respirar) e que non estiveron en contacto con ningunha persoa positiva en COVID19 (ANEXO II) Dito documento entregarase cuberto na entrada da zona de presaída.
- O quecemento realizarase nas zonas habilitadas a tal efecto no paseo do Miño respectando sempre as distancias de seguridade. O uso da máscara será obrigatorio se non se pode garantir a distancia de seguridade interpersoal
- No acceso á Zona de Presaída os participantes lavarán as mans con hidroxel.
- Para o acceso á Zona de Presaída, deberán portar máscara desbotable, que se botará ao lixo xusto antes de iniciar a saída.
- Dentro do espazo da Zona de Presaída os deportistas deberán situarse nos espazos indicados, respectando a distancia de seguridade e portando máscara.
- Na Zona de Saída os deportistas colocaranse nas referencias indicadas no chan, e xusto antes de saír botarán a máscara ao lixo.

DURANTE O EVENTO

Staff

- Cada unha das persoas da organización terá unha única función.

Deportistas

- Os adiantamentos deberán realizarse coa separación mínima de 1,5 m. entre deportistas.
- Os participantes non poderán ir correndo un detrás de outro, deberá manterse unha distancia mínima de 5 metros.
- Os participantes deberán transitar polo marxe dereito do carril habilitado para a carreira.
- No caso de ser descualificados, o xuíz que comunique dita descualificación, fará entrega dunha máscara para que o/a corredor/a retire o seu dorsal e abandone o circuíto.

Público

- Non se permitirá público nas Zonas de Presaída, Saída e Meta.
- Os/as espectadores deberán manter a distancia de seguridade interpersoal e usar máscara en todo momento, segundo o establecido polas autoridades competentes.

DESPOIS DO EVENTO

Staff

- Cada persoa terá a súa función na recollida da infraestrutura, evitando compartir materiais e espazos. Cando existan postos de traballo ou ferramentas compartidas por máis dunha persoa, estableceranse o lavado de mans e a desinfección das ferramentas antes e despois do uso, como medidas de seguridade.
- Na condución de vehículos de uso da organización, antes de subir ao mesmo, lavaranse as mans con hidroxel e desinfectarase o volante, panca de cambios, etc. Levar sempre a máscara posta, ventilar o vehículo antes e despois do seu uso -se se pode durante-, evitar o contacto físico e evitar tocar obxectos do vehículo na medida do posible. Desinfección das partes do vehículo susceptibles de estar en contacto (cinturóns, manillas das portas, etc.).

Deportistas

- Ao cruzar a liña de meta, cada participante recibirá unha máscara que deberá colocar tan pronto como sexa posible, e xa non a poderá sacar en ningún momento.
- Unha vez rematada a proba, os/as deportistas, mantendo sempre a distancia de seguridade interpersoal, recollerán o seu avituallamento e abandonarán a zona de competición o antes posible.

Segundo as medidas especias de Nadal indicadas no DOG Núm256-Bis. Este evento cumpre coas recomendación establecidas para eventos e actividades multitudinaras no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España, sendo a súa valoración coma nivel de risco baixo.

ANEXO II – DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dª._____con nº de DNI/NIE_____.

actuando en nome propio ou como pai/nai/titor do interesado/a (menor de idade)

D./Dª._____con nº de DNI/NIE_____.

Para a actividade V San Silvestre Orensá organizada por Sublime Deporte y Cultura S.L., desenvolvida en Ourense o día 31 de decembro de 2020.

SOLICITO:

- Que a persoa cuxos datos figuran no encabezamento (o interesado) participe na V San Silvestre Ourensá, para o cal, lin con detalle a información proporcionada pola organización e acepto as condicións de participación e expreso o meu compromiso coas medidas persoais de hixiene e prevención do protocolo da entidade e así mesmo

DECLARO:

- Que o interesado cumpre os requisitos de admisión establecidos no documento de aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado, non sendo grupo de risco.
- Que o interesado non tivo nos últimos 14 días nin problemas respiratorios (infección respiratoria de aparición súbita e de calquera gravidade, tose ou falta de alento), vómitos, dor abdominal ou diarrea, diminución do olfacto ou do gusto, dor de garganta, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral ou febre superior aos 37,5ºC.
- Que o interesado non estivo en contacto con ningunha persoa que fora confirmada de COVID-19 nos últimos 14 días.
- Que o interesado non convive con ninguén que sexa grupo de risco, ou que no caso de que así sexa, participa na actividade baixo a súa propia responsabilidade.
- Que lin e acepto os compromisos contidos no protocolo para previr a COVID-19 da V San Silvestre Ourensá.
- Que son consciente dos riscos que implica a participación da persoa interesada na actividade no contexto da crise sanitaria provocada pola COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

En Ourense, a 31 de decembro de 2020

Asinado

ANEXO III – ORDE DE SAÍDAS

Acceso Zona Presaída	Saída	Dorsal Impar	Dorsal Par	Hora Límite Chegada a Meta
16:20:00	16:30:00	1	2	17:15:00
16:20:00	16:30:20	3	4	17:15:20
16:20:00	16:30:40	5	6	17:15:40
16:21:00	16:31:00	7	8	17:16:00
16:21:00	16:31:20	9	10	17:16:20
16:21:00	16:31:40	11	12	17:16:40
16:22:00	16:32:00	13	14	17:17:00
16:22:00	16:32:20	15	16	17:17:20
16:22:00	16:32:40	17	18	17:17:40
16:23:00	16:33:00	19	20	17:18:00
16:23:00	16:33:20	21	22	17:18:20
16:23:00	16:33:40	23	24	17:18:40
16:24:00	16:34:00	25	26	17:19:00
16:24:00	16:34:20	27	28	17:19:20
16:24:00	16:34:40	29	30	17:19:40
16:25:00	16:35:00	31	32	17:20:00
16:25:00	16:35:20	33	34	17:20:20
16:25:00	16:35:40	35	36	17:20:40
16:26:00	16:36:00	37	38	17:21:00
16:26:00	16:36:20	39	40	17:21:20
16:26:00	16:36:40	41	42	17:21:40
16:27:00	16:37:00	43	44	17:22:00
16:27:00	16:37:20	45	46	17:22:20
16:27:00	16:37:40	47	48	17:22:40
16:28:00	16:38:00	49	50	17:23:00
16:28:00	16:38:20	51	52	17:23:20
16:28:00	16:38:40	53	54	17:23:40
16:29:00	16:39:00	55	56	17:24:00
16:29:00	16:39:20	57	58	17:24:20
16:29:00	16:39:40	59	60	17:24:40
16:30:00	16:40:00	61	62	17:25:00

16:30:00	16:40:20	63	64	17:25:20
16:30:00	16:40:40	65	66	17:25:40
16:31:00	16:41:00	67	68	17:26:00
16:31:00	16:41:20	69	70	17:26:20
16:31:00	16:41:40	71	72	17:26:40
16:32:00	16:42:00	73	74	17:27:00
16:32:00	16:42:20	75	76	17:27:20
16:32:00	16:42:40	77	78	17:27:40
16:33:00	16:43:00	79	80	17:28:00
16:33:00	16:43:20	81	82	17:28:20
16:33:00	16:43:40	83	84	17:28:40
16:34:00	16:44:00	85	86	17:29:00
16:34:00	16:44:20	87	88	17:29:20
16:34:00	16:44:40	89	90	17:29:40
16:35:00	16:45:00	91	92	17:30:00
16:35:00	16:45:20	93	94	17:30:20
16:35:00	16:45:40	95	96	17:30:40
16:36:00	16:46:00	97	98	17:31:00
16:36:00	16:46:20	99	100	17:31:20
16:36:00	16:46:40	101	102	17:31:40
16:37:00	16:47:00	103	104	17:32:00
16:37:00	16:47:20	105	106	17:32:20
16:37:00	16:47:40	107	108	17:32:40
16:38:00	16:48:00	109	110	17:33:00
16:38:00	16:48:20	111	112	17:33:20
16:38:00	16:48:40	113	114	17:33:40
16:39:00	16:49:00	115	116	17:34:00
16:39:00	16:49:20	117	118	17:34:20
16:39:00	16:49:40	119	120	17:34:40
16:40:00	16:50:00	121	122	17:35:00
16:40:00	16:50:20	123	124	17:35:20
16:40:00	16:50:40	125	126	17:35:40
16:41:00	16:51:00	127	128	17:36:00
16:41:00	16:51:20	129	130	17:36:20
16:41:00	16:51:40	131	132	17:36:40

16:42:00	16:52:00	133	134	17:37:00
16:42:00	16:52:20	135	136	17:37:20
16:42:00	16:52:40	137	138	17:37:40
16:43:00	16:53:00	139	140	17:38:00
16:43:00	16:53:20	141	142	17:38:20
16:43:00	16:53:40	143	144	17:38:40
16:44:00	16:54:00	145	146	17:39:00
16:44:00	16:54:20	147	148	17:39:20
16:44:00	16:54:40	149	150	17:39:40
16:45:00	16:55:00	151	152	17:40:00
16:45:00	16:55:20	153	154	17:40:20
16:45:00	16:55:40	155	156	17:40:40
16:46:00	16:56:00	157	158	17:41:00
16:46:00	16:56:20	159	160	17:41:20
16:46:00	16:56:40	161	162	17:41:40
16:47:00	16:57:00	163	164	17:42:00
16:47:00	16:57:20	165	166	17:42:20
16:47:00	16:57:40	167	168	17:42:40
16:48:00	16:58:00	169	170	17:43:00
16:48:00	16:58:20	171	172	17:43:20
16:48:00	16:58:40	173	174	17:43:40
16:49:00	16:59:00	175	176	17:44:00
16:49:00	16:59:20	177	178	17:44:20
16:49:00	16:59:40	179	180	17:44:40
16:50:00	17:00:00	181	182	17:45:00
16:50:00	17:00:20	183	184	17:45:20
16:50:00	17:00:40	185	186	17:45:40
16:51:00	17:01:00	187	188	17:46:00
16:51:00	17:01:20	189	190	17:46:20
16:51:00	17:01:40	191	192	17:46:40
16:52:00	17:02:00	193	194	17:47:00
16:52:00	17:02:20	195	196	17:47:20
16:52:00	17:02:40	197	198	17:47:40
16:53:00	17:03:00	199	200	17:48:00
16:53:00	17:03:20	201	202	17:48:20

16:53:00	17:03:40	203	204	17:48:40
16:54:00	17:04:00	205	206	17:49:00
16:54:00	17:04:20	207	208	17:49:20
16:54:00	17:04:40	209	210	17:49:40
16:55:00	17:05:00	211	212	17:50:00
16:55:00	17:05:20	213	214	17:50:20
16:55:00	17:05:40	215	216	17:50:40
16:56:00	17:06:00	217	218	17:51:00
16:56:00	17:06:20	219	220	17:51:20
16:56:00	17:06:40	221	222	17:51:40
16:57:00	17:07:00	223	224	17:52:00
16:57:00	17:07:20	225	226	17:52:20
16:57:00	17:07:40	227	228	17:52:40
16:58:00	17:08:00	229	230	17:53:00
16:58:00	17:08:20	231	232	17:53:20
16:58:00	17:08:40	233	234	17:53:40
16:59:00	17:09:00	235	236	17:54:00
16:59:00	17:09:20	237	238	17:54:20
16:59:00	17:09:40	239	240	17:54:40
17:00:00	17:10:00	241	242	17:55:00
17:00:00	17:10:20	243	244	17:55:20
17:00:00	17:10:40	245	246	17:55:40
17:01:00	17:11:00	247	248	17:56:00
17:01:00	17:11:20	249	250	17:56:20
17:01:00	17:11:40	251	252	17:56:40
17:02:00	17:12:00	253	254	17:57:00
17:02:00	17:12:20	255	256	17:57:20
17:02:00	17:12:40	257	258	17:57:40
17:03:00	17:13:00	259	260	17:58:00
17:03:00	17:13:20	261	262	17:58:20
17:03:00	17:13:40	263	264	17:58:40
17:04:00	17:14:00	265	266	17:59:00
17:04:00	17:14:20	267	268	17:59:20
17:04:00	17:14:40	269	270	17:59:40
17:05:00	17:15:00	271	272	18:00:00

17:05:00	17:15:20	273	274	18:00:20
17:05:00	17:15:40	275	276	18:00:40
17:06:00	17:16:00	277	278	18:01:00
17:06:00	17:16:20	279	280	18:01:20
17:06:00	17:16:40	281	282	18:01:40
17:07:00	17:17:00	283	284	18:02:00
17:07:00	17:17:20	285	286	18:02:20
17:07:00	17:17:40	287	288	18:02:40
17:08:00	17:18:00	289	290	18:03:00
17:08:00	17:18:20	291	292	18:03:20
17:08:00	17:18:40	293	294	18:03:40
17:09:00	17:19:00	295	296	18:04:00
17:09:00	17:19:20	297	298	18:04:20
17:09:00	17:19:40	299	300	18:04:40